

09 XUN. 2017

Entrada n.º: 26331

Saída n.º: .....

M<sup>a</sup> Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN relativa a arranxos e melloras necesarias no interior e na contorna do Muíño da Pontebarbanza.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasada xa a metade deste mandato, observamos con consternación que a participación cidadá se vai reducindo á elaboración dunha serie de documentos e regulamentos que logo non se levan á práctica, mais non se avanzou en absoluto na dotación de espazos e recursos para que a cidadanía que reside no rural poida ter acceso a distintas posibilidades de lecer e socialización.

Xa hai varios anos da inauguración do muíño da Pontebarbanza e, desde aquela, foron varias as iniciativas presentadas polo BNG para que se mellorase a súa accesibilidade e se dotase dos elementos necesarios para que esta infraestrutura municipal puidese ser utilizada como local social polos veciños e veciñas da zona. Tamén presentou este grupo iniciativas para dotar ao Concello dunha rede de centros sociais e encher estes lugares con actividades, para achegar estas ás persoas que viven nas zonas rurais, rematando co mal costume, xa moi instalado na conciencia dos distintos gobernos municipais, e tamén neste, de concentrar toda a oferta de ocio e cultura só no centro da vila.

Neste momento, as chaves do muíño da Pontebarbanza están a disposición dos veciños e veciñas, pero o certo é que o local só conta mesas e cadeiras e uns andeis baleiros, o acceso para as persoas con dificultades de mobilidade é difícil e perigoso e a contorna loce unha acumulación de matogueiras e silveiras que xa chegan á altura do tellado máis baixo. Ademais, o antigo camiño que conducía á parte baixa do muíño polo lado do río quedou atoadado desde que se fixeron as obras.

Por outra parte, nunha asemblea veciñal realizada recentemente polo BNG no muíño, as persoas asistentes informáronnos das necesidades máis urxentes e imprescindíbeis para poder dar uso e dotar de actividades ese local e revitalizar esa zona do Concello. Melloras e dotacións facilmente asumíbeis e rapidamente realizábeis.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. **Limpar e acondicionar a contorna do muíño, dando tamén acceso á parte inferior polo lado do río.**
2. **Mellorar os pasos e dotar de dobre varanda e dun punto de luz a escaleira exterior de acceso á parte superior do muíño.**
3. **Dotar ao local de rede wifi, ademais de xornais, xogos e revistas e crear un punto de recollida e entrega de libros da biblioteca municipal.**

A Pobra do Caramiñal, 09 de xuño de 2017

Asdo.: M<sup>a</sup> Cristina Andrade González  
Concelleira do GM do BNG-AA da Pobra do Caramiñal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A POBRA DO CARAMIÑAL